



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e oito de febreiro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira, que se incorpora cando se cita
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asisten:

- D. José Vicente Ferreira
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba

Actúa como Secretaria a da Corporación Dña. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre. Asiste a Interventora do Concello, dona Ana M^a Vigo Fariña.

Sendo a hora sinalada, e antes de pasar a tratar dos asuntos que conforman a orde do día, o señor Alcalde anuncia que, a petición de Convergencia Galega e ratificado por tódolos grupos municipais, se vai gardar un minuto de silencio en memoria de don Florindo Álvarez Martínez, pola súa faceta de artista e dado que colaborou activamente en moitas cuestións políticas e sociais no Baixo Miño.

A continuación pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DE 2012.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ACORDO

PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DO 2012: BASES DE EXECUCIÓN. PLAN DE INVERSIÓNS. PLANTILLA ORZAMENTARIA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dada conta do expediente ó efecto, no que consta o informe preceptivo da Intervención Municipal, a Presidencia somete á consideración do Pleno a aprobación do referido Orzamento para o exercicio do 2012.

PRIMEIRO, aprobar o Orzamento Xeral consolidado para o exercicio do ano 2012, na cuantía, tanto en Gastos como en Ingresos dun total de **SEIS MILLÓNS SETECENTOS VINTESEIS MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS (6.726.980,00)**, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO MUNICIPAL INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
1	Impostos directos.....	1.570.000,00	24,07%
2	Impostos indirectos.....	110.000,00	1,68%
3	Taxas e outros ingresos.....	1.820.469,00.	27,92 %
		2.371.375,81	36,37%
4	Transferencias correntes.....		
5	Ingresos patrimoniais.....	41.330,00	0,63%

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
6	Enaxenación de inversións reais.....	6,00	0,0009%
7	Transferencias de capital.....	576.919,19	8,84 %
8	Activos financeiros.....	30.000	0,46%
9	Pasivos financeiros.....	0,00	0,00 %

TOTAL INGRESOS.....	6.520.100,00	100%
----------------------------	---------------------	-------------



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
1	Gastos de persoal.....	2.471.265,80	37,90%
2	Gastos de bes corren. e servicios.....	2.712.816,08	41,60%
3	Gastos financeiros.....	35.305,12	0,54 %
4	Transferencias correntes.....	154.500,00	2,37 %

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
6	Inversións reais.....	787.927,01	12,08%
7	Transferencias de capital.....	40.000,00	0,61%
8	Activos financeiros.....	30.000,00	0,46%
9	Pasivos financeiros.....	288.285,99	4,42%

TOTAL GASTOS.....	6.520.100	100%
--------------------------	------------------	-------------

ORZAMENTO PADROADO MUNICIPAL INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES			
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
1	Impostos directos.....	0,00	0,00%
2	Impostos indirectos.....	0,00	0,00%
3	Taxas e outros ingresos.....	200.880,00	97,09%
4	Transferencias correntes.....	0,00	0,00%
5	Ingresos patrimoniais.....	6.000,00	2,90 %



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
6	Enaxenación de inversións reais.....	0,00	0,00%
7	Transferencias de capital.....	0,00	0,00%
8	Activos financeiros.....	0,00	0,00%
9	Pasivos financeiros.....	0,00	0,00%
TOTAL INGRESOS.....		206.880	100%

GASTOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
1	Gastos de persoal.....	105.381,00	50,93%
2	Gastos en bens correntes e servizos ...	45.925,00	22,19%
3	Gastos financeiros.....	0,00	0,00%
4	Transferencias correntes.....	52.574,00	25,41%

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS	%
6	Inversións reais.....	0,00	0,00%
7	Transferencias de capital.....	0,00	0,00%
8	Activos financeiros.....	0,00	0,00%
9	Pasivos financeiros.....	0,00	0,00%
TOTAL GASTOS.....		206.880	100%

SEGUNDO: Aproba-las plantillas orzamentarias e os catálogos de postos de traballo para o exercicio económico do 2012.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

TERCEIRO: Aprobar igualmente as Bases de Execución de ditos Orzamentos e os Plans de Inversións contemplados nos Capítulos VI dos Estados de Gastos.

CUARTO: Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e disposicións concordantes.

QUINTO: No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debéndose cumprir o trámite da súa publicación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto coa plantilla e a relación de postos de traballo.

A Guarda, 17 de Febreiro de 2012
O ALCALDE,
Asdo.: José Manuel Domínguez Freitas”

Intervén a señora Magallanes Álvarez e explica que o orzamento, debido a criterios técnicos do departamento económico, e para poder ter en conta cuestións como coñecer o contabilizado ou os soldos dos funcionarios e laborais, se considerou esperar á súa concreción a principios de ano. Dí que un asunto particular da Interventora non permitiu convocar a Comisión de Contas antes, se ben se outorgou maior prazo que o esixido legalmente para poder estudar a documentación por parte dos grupos municipais, para que poideran facer aportacións na Comisión de Contas. Sinala que o orzamento é moi riguroso, pois a situación económica actual é moi complicada, coas subvencións da Xunta recortadas ou anuladas e os ingresos reducidos considerablemente. No Capítulo de Gastos hai unha contención estricta en tódolos departamentos do Concello; por exemplo, unha redución no gasto de Nadal do 75%. Queren seguir mantendo os servizos públicos de calidade, como a Escola Infantil, o Centro Cultural, o Conservatorio ou os arranxos das rúas, e sobre todo os servizos sociais, onde se fixo un importante esforzo, pois é a insignia máis importante do Concello e deben ser capaces de mantela. Fai referencia a unha nota de prensa publicada que sinalaba que as amortizacións de persoal permiten pagar facturas por 200.000 euros, o que non é así: a amortización se debe a que a Oferta de Emprego Público decae, e noutros casos se axustou, por cambios de categoría ou xubilacións, o que non supón que no futuro non se dote dalgunha praza de operario. Fíxose un gran esforzo por manter a axuda a domicilio, a pesar da redución da subvención e se van a manter. Insiste en que se trata dun orzamento moi riguroso e axustado á realidade, para seguir mantendo os servizos públicos municipais.

Intervén a señora Estévez Álvarez e di que polos últimos acontecementos que saíron na prensa e que no BOE foi publicado o Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, entende que o orzamento debe quedar sobre a mesa á espera do Plan de Axuste da Interventora.

O señor Lomba Alonso expón que sempre se di que o Pleno do orzamento é un dos máis importantes do ano, e critica que se pretendera facer pola mañán, e agora se fai pola



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

tarde, pero nun horario comercial, non axeitado para facilitar o achegamento dos cidadáns, polo que deberría celebrarse noutro horario. En relación co orzamento, di que ven fora de tempo, no mellor dos casos non estará definitivamente aprobado ata finais de marzo, sen perxuízo de que se presenten alegacións que o retrasen, polo que fala dun “*récord de xestión*” pois se aproba xa vencido o primeiro trimestre do ano. En relación coa pretensión de Convergencia Galega, orixinaría máis retraso, non a entenden nin a comparten. Non comparten a xustificación da concelleira de facenda sobre o retraso; a aprobación inicial tería que ser en outubro, houbo tempo e non foron capaces de presentalo en tempo e forma. O orzamento foi elaborado sen a participación do BNG, polo que deben aprobalos quen os fixeron. Entenden que en plena crise económica deben ser as Administracións Públicas as que fomenten o emprego e amortizar as prazas non e a forma de facelo. En relación coas inversións, non hai un só proxecto novo; en relación co Plan de Tráfico, o BNG presentou unha moción, e o equipo de goberno e Convergencia Galega non a aprobaron porque non estaba previsto no orzamento, e agora debería figurar no orzamento e non aparece. Respecto á Praza de Abastos, non hai nada para a súa modernización, só 2000 euros para reparacións, cando a súa modernización é un paso esencial para potenciar o comercio municipal. Para a cuberta da piscina non aparece nada, segue a deteriorarse, como xa denunciou o BNG, os prezos suben e as condicións dos usuarios empeoran; da saída sur do Porto da Guarda tampouco existe nada. Di que se mantén a partida de 100.000 euros para indemnizacións das 21 licenzas, pero aínda non se dictaminou quén é o culpable nin o responsable. Existe un acordo plenario para a creación dun fondo de emerxencia social e ano tras ano se negan a cumprilo, cunha partida de 1000 euros, e diríxese ó equipo de goberno para dicir “*ésas son as súas prioridades*”. En relación co mantemento do ferri, destaca a actitude *errática* do equipo de goberno. A partida agora volve a ter 150.000 euros, e no ano 2011 tiña 500 euros. En canto ós ingresos, son demasiado optimistas e pouco realistas, sobre todo no relativo ó ICIO ou na auga, e así o dí a Interventora no seu informe. Di que en fondos líquidos de tesourería hai unha cantidade de 1.340.916 euros, e se lles di ós provedores que non hai cartos para pagar, pide que poñan a funcionar eses cartos, sobre todo nesta época de crise. En relación co Padroado, segue sen funcionar e o orzamento é o mesmo cada ano. Votarán en contra.

Intervén o señor Fontenla Martínez e destaca a importancia real do orzamento para a vida municipal, pois se trata da folla de ruta dun goberno para garantir os servizos e os pagos ós provedores. Son unha gran responsabilidade, pois uns malos orzamentos poden conlevar problemas de liquidez para facer os pagos ós provedores e dende o Partido Popular non poden apoialos, posto que técnicamente son reprobables, como xa di o informe de Intervención, pois ademáis de non garantir servizos, poden complicar o pago a provedores. Ademáis, non se contou co Partido Popular para a súa elaboración, o que unido ó seu retraso fai que o Partido Popular non votará a favor dos mesmos. Di que o orzamento ten carácter técnico e operativo, e dende o punto de vista técnico se remite ó informe da Interventora, pensa que é unha pena que non poida lelo todo o mundo. Di que hai un erro na data do Informe, pois consta que é do ano 2011, e quere pensar que non é debido a que no orzamento anterior a Interventora xa dixera as mesmas cousas que no informe deste ano e non lle fixesen caso. Di que faltan datos sobre a liquidación do ano anterior, hai desaxustes en ingresos de taxas, non existe contabilización, non se respeta o principio de prudencia, falta de consolidación das



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

subvencións, di que as subvencións non son cousas que se fan de palabra, algúns piden no plenario axuda para consolidar as subvencións, e cando esas subvencións se consolidan, algúns saen na prensa dicindo que iso xa o tiñan, e así, o BNG e o PP pediron, en relación co Castelo de Santa Cruz, aportación de documentación para demostrar que a subvención estaba concedida, e a información que eles teñen é que iso non era real. O Concello debe velar porque esas subvencións sexan reais e acaben chegando ó Concello. Cando alguén trata de axudar a este Concello para traer subvencións non se lle debería criticar nos medios de comunicación. Destaca que a Intervención recomenda máis contención no gasto. Fala de facturas sen pagar e se consignan 220.000 euros derivados da amortización das prazas de persoal, cando a Interventora dí que a contía é maior, polo que é perigoso consignar esa cantidade, pois iso hai que pagalo, e o informe indica que se pagan as facturas do ano anterior en base á previsión de gastos deste, se acabará o ano debendo máis do que se debe a día de hoxe. Aclara que deberá correxirse o informe de Intervención en relación coa referencia á Lei de responsabilidade patrimonial, que non é a que rexe neste momento. O PP non apoia este orzamento, e as razóns as dá o propio informe de Intervención. Di que é importante que estes números se plasmen en realidade, que se manteñan os servizos e que cada partida se aproveite da mellor forma posible, que se evite o retraso nos pagos das facturas e a falta de consignación. Pensa que o tema da contención do gasto non é un problema de agora. Piden por favor que este orzamento sexa o mellor posible. Formula tres preguntas ó equipo de goberno: ¿Por qué só consignan 220.000 euros por amortización de prazas de persoal, se a Interventora di que a contía é maior?; ¿Cáles son os criterios para destinar cartos ás partidas: técnicos, temporais ou arbitrarios?; ¿Cren que estes orzamentos son axeitados despois de ler o informe da Interventora?.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e diríxese á señora Estévez Álvarez para dicirlle que a publicación no BOE do Real Decreto Lexislativo que impón o Plan de Axuste non ten significación directa no orzamento. A Interventora xa o está preparando. Cre que se conseguirá unha ampliación dos prazos, que son moi curtos, pero o orzamento é para o ano 2012 e o Plan de Axuste se refire a facturas anteriores. Diríxese ó señor Lomba Alonso e di que parecíalle estar escoitando a intervención do ano pasado. Pensa en dicirlle o mesmo que xa lle dixó, pois igual non o entendeu. O Concello trata de actuar sobre temas de emerxencia social e hai varias partidas adicadas a este asunto; o orzamento trata de ser realista, non tratan de ser optimistas, e destaca que na maioría de partidas de ingresos hai unha redución do 8%. En resposta á intervención do PP, bota en falta que moitas cuestións poderían ser tratadas e profundizadas na Comisión de Contas, pois a asistencia é retribuída para os seus membros, e aí sí que deben aportar. Di que o informe de Intervención é un informe técnico, pero o traballo dos políticos debe aportar algo máis. Pensa que o informe é positivo nas conclusións finais, hai que ser prudentes, o técnico ten que recomendar prudencia, é o seu traballo. Se trata de garantir os servizos e os pagos ós provedores, pero o orzamento non é un instrumento para pagar, hai que ter liquidez, e están pendentes máis de 500.000 euros de recibir da Xunta, de subvencións que xa están xustificadas en 2011 e que aínda están sen pagar.

A señora Estévez Álvarez di que xa que falan do orzamento, debe ser realistas. O Decreto publicado no BOE di que o 15 de marzo deben estar presentadas as facturas, e xa que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

tardaron en traer o orzamento, pensa que quince días máis non serían tantos, e así o orzamento sería máis realista e os servizos serían mellores.

O señor Lomba Alonso di que é certo. Temos un gran problema de autonomía local, pois a Xunta, coa súa política de recortes, perxudica ós Concellos, pero hai unha parte de responsabilidade municipal. A concelleira de facenda dixo que a súa intervención foi igual que a do ano pasado. Sí, pero pasou un ano e non se tiveron en conta os principios que o BNG considera necesarios. O BNG non está de acordo coa política do equipo de goberno. En relación coa emerxencia social, hai 1000 euros, e foi aprobada por unanimidade unha moción sobre un Fondo específico. A partida parécelle vergoñosa; non debe diluírse en varias partidas, pois é un acordo plenario que non se está cumprindo. En canto a que o orzamento é realista, en decalracións da concelleira, dixeron que eran moi optimistas cando en pleno *crack* inmobiliario inflaron os ingresos, e o informe de Intervención fala de *excesivo optimismo*. Di que poñer como exemplo de aforro os gastos de Nadal non lles parece axeitado, cando se o BNG non chega a presentar un escrito facendo referencia á oferta dunhas asociacións que eran dun tercio do que propoñía o Concello, igual agora os gastos serían diferentes.

(Incorpórase á sesión a señor Iglesias Ferreira, 20:15 horas).

O señor Fontenla Martínez di que a Comisión de Contas é un ente para profundizar nos asuntos, pero se o equipo de goberno non quere responder ás preguntas feitas antes, que o diga. Di que ata o luns non tivo acceso á documentación. Houbo un Pleno extraordinario urxente e opina que hai un problema de transparencia, non deben ter medo a que a xente coñeza o que pasa, pois os Plenos deben ser abertos e non deben esconderse nunha Comisión de Contas. Di que da lectura detenida do informe da Interventora se manifestan moitas verdades, hai cousas que non están ben, e ven respaldado pola normativa vixente, se ben desgraciadamente nun punto non foi así, pero pide que non se excusen na Comisión de Contas, o Pleno está para falar e para que a xente escoite, o PP non está por esconderse.

A señora Magallanes Álvarez contesta ó señor Fontenla Martínez e di que a Comisión de Contas existe para algo, para tratar e profundizar os temas. Se non hai preguntas, con tempo suficiente, non serve de nada. Os concelleiros están para traballar e ler as cousas. A conclusión da Interventora é facer recomendacións de contención e prudencia, pero é positivo para estes orzamentos. Insiste en que hai que ler as cousas ben, o informe está aí, pero ademais debe existir un traballo político, e bota en falta ese traballo, non o houbo na Comisión de Contas nin agora.

O señor Lomba Alonso di que o BNG sí fixo o seu traballo. Él xa leva tempo no Concello e non viu a ningún equipo de goberno que atendera a ningunha petición da oposición na Comisión de Contas. Os orzamentos se presentan pechados, se ben existiu unha nota de prensa na que o equipo de goberno dicía que o orzamento estaba sendo negociado cunha formación política, entende que é lícito, pero nunca se fixo caso a ningunha petición do BNG, se ben cando hai intención de contar co BNG *ferven os móbiles*, di que se algún día queren atender ás peticións do BNG, o seu teléfono está conectado as 24 horas. Repite que nunca viu



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

un só cambio na Comisión de Contas, só correccións, pero nunca cambios sustanciais.

A señora Magallanes Álvarez di que aínda está esperando propostas doutros grupos, contestando o señor Lomba Alonso que o BNG as fixo.

O señor Fontenla Martínez di que non queren contestar no Pleno ás preguntas que lles fixeron, e pregunta por unha unha partida de 600.000 euros, contestando a señora Magallanes Álvarez que existe unha figura denominada recoñecemento extraxudicial. O resto dos cartos ós que se refire van vir a un Pleno nun recoñecemento extraxudicial, despois da liquidación do ano anterior.

Neste momento unha persoa do público solicita intervir, contestando o señor Alcalde que de acordo coa normativa aplicable, debería telo solicitado por escrito e coa antelación fixada.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (sete votos en contra).

PUNTO 2º.- APROBACION DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO POR VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, BIBLIOTECAS, MONUMENTOS HISTÓRICO ARTÍSTICOS, PARQUES ZOOLOXICOS E OUTROS CENTROS ANÁLOGOS.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO POR VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, BIBLIOTECAS, MONUMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS, PARQUES ZOOLOXICOS E OUTROS CENTROS ANÁLOGOS

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Vistos os informes emitidos por Intervención en relación con este asunto.

O Pleno do Concello, previa deliberación, de conformidade co art. 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, por maioría simple dos membros presentes

ACORDA :



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos histórico-artísticos, parques zoolóxicos e outros centros análogos co texto que figura no expediente.

SEGUNDO. Expoñer ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se insertará no tablón de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación de dito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cual os interesados podrán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. No caso de que non se presentasen alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo se entenderá definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co art 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais».

Na Guarda a 17 de febreiro de 2012
O Alcalde”

A señora Estévez Álvarez di que xa dixeron na Comisión de Asuntos Plenarios que en función do informe desfavorable que obra no expediente o consultaron coa Interventora e votarán a favor, sempre e cando no Museo do Mar, cando se empece a cobrar, se ofrezca algo máis tanto ós visitantes como ós vecinos.

Intervén a señora García Díaz e di que aínda que a suba das taxas pode ser razoable, hai un informe de Intervención desfavorable, pois as tarifas propostas superan os rendementos do custo do servizo. Di que deberían sacar máis partido ó Monte e poñer en valor todo o conxunto, e que a sensación sexa visitar unha verdadeira aula aberta de arqueoloxía, pero non é o caso, pois o conxunto segue no mesmo estado que dende hai moitos anos. Se van abster.

O señor Fontenla Martínez di que foi na Comisión de Contas, e non na de Asuntos Plenarios como dixo a voceira de Convergencia Galega, onde eles indicaron que o número de visitantes non era real. Calculábase un número de visitantes a custe cero, e indicaron que cando se empece a cobrar polo servizo o número de visitantes podería sufrir variacións. Tamén indicaron que xa que se vai cobrar no Museo do mar deberían darlle un plus de calidade a ese Museo. Se van abster.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso e García Díaz (seis abstencións).

PUNTO 3º.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello de A Guarda de data 19 de febreiro de 2002 acordou a adxudicación do contrato de concesión para a xestión do servizo público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal á empresa TRANSGALAICA, formalizándose o contrato administrativo en data 28 de febreiro de 2002, cunha duración de cinco anos dende esa data, con posibilidade de prórrogas por períodos anuais, previo acordo expreso das partes, tendo lugar a última prórroga en febreiro de 2011, e sendo obxecto de modificación que se formalizou en data 7 de abril de 2008.

CONSIDERANDO que o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación, corresponde a éste acordar, no seu caso, a prórroga do contrato

Tendo en conta a inminente finalización da prórroga do mesmo, e a ausencia no Concello de persoal axeitado e suficiente para levar a cabo a xestión do servizo, que se presta pola empresa TRANSGALAICA nos últimos anos e de maneira satisfactoria para o Concello da Guarda

Propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Proceder á prórroga do contrato de concesión para a xestión do servizo público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal, en favor da empresa TRANSGALAICA, por prazo dun ano contado a partir da formalización do contrato en documento administrativo, mantendo as condicións sinaladas nos pregos que rexeron a contratación, e na modificación formalizada en data 7 de abril de 2008.

2.- Facultar ó señor Alcalde para a realización dos trámites de formalización da devandita prórroga.

3.- Notificar o presente acordo á empresa TRANSGALAICA.

A Guarda , 3 de febreiro de 2012

O Alcalde
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez di que xa comentou na Comisión de Asuntos Plenarios este asunto, baseándose na formalización da modificación do contrato do ano 2008, e di que pediron unha documentación á Secretaria, pero non se lles facilitou, polo que non teñen nada que dicir.

O señor Alcalde aclara que a documentación se lle pide ó Alcalde, non á Secretaria, e hai un prazo para remitila, pode que non houbera tempo material para darla. Di que se debe estar forzosamente na carpeta do pleno, debería estar nas dependencias municipais, pero é o



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Alcalde o competente para darlla, é unha determinación do señor Alcalde, que só cando ten dúbidas sobre se procede ou non a petición, dende o punto de vista legal, fai consulta coa Secretaria.

O señor Lomba Alonso, en relación coa *satisfacción da xestión* pola empresa, o BNG non está satisfeito co que ocorre nos últimos catro anos, hai un claro beneficio á empresa. Se van abster.

O señor Fontenla Martínez di que se van abster, e pensa que igual é momento de sacala outra vez a concurso, para tratar de rebaixar o custe sen menoscabo do servicio.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (sete abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.
O Alcalde-Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia Mª Carrasco González-Alegre